

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

### PONTEVEDRA

#### Outros documentos, notificacións e informacións públicas

#### *DECRETO DE ALCALDÍA DE REGULACIÓN DE ACTUACIONES ADMINISTRATIVAS AUTOMATIZADAS E AMPLIACIÓN DO USO DOS SELOS ELECTRÓNICOS*

#### *ANUNCIO*

En data 16/08/2022 ditouse o seguinte Decreto:

*“Decreto de Alcaldía de regulación de actuaciones administrativas automatizadas e ampliación do uso dos selos electrónicos do Concello de Pontevedra*

#### *Antecedentes*

Con data 29.02.2016, mediante Decreto de Alcaldía, creouse o selo electrónico de Secretaría do Concello de Pontevedra para a identificación e autenticación en determinadas actuacións administrativas automatizadas.

Por Decreto de Alcaldía, de data 26.04.2018 creouse o selo electrónico do órgano de Tesouraría e Xestión Tributaria (OTXT) do Concello de Pontevedra, para posibilitar a sinatura das notificacións que se remiten dende a empresa que xestiona a recadación executiva e as notificacións automatizadas que remite o propio OTXT.

Mediante Decreto de Alcaldía do 08.11.2021, de regulación dos selos electrónicos do Concello de Pontevedra e das actuacións administrativas automatizadas, creouse o selo electrónico de Alcaldía e estableceuse o selo electrónico do Órgano de Tesouraría e Xestión Tributaria para a identificación e autenticación nas seguintes actuacións administrativas automatizadas:

- Resolucións e notificacións de fraccionamentos e aprazamentos de débedas en período de pago voluntario.
- Notificacións automatizadas remitidas polo Órgano de Tesouraría e Xestión Tributaria e notificacións que se remiten dende a empresa que xestiona a recadación executiva.

Nese mesmo Decreto, estableceuse o uso do selo electrónico de Secretaría para a identificación e autenticación nas actuacións administrativas automatizadas que se expoñen a continuación:

- Expedición do xustificante da documentación presentada no rexistro electrónico.
- Constancia da imaxe da documentación presentada no rexistro presencial.
- Publicación de anuncios no taboleiro de anuncios electrónico.
- Índices dos libros de resolucións electrónicos.
- Expedición electrónica de certificados de empadramento.



Xoves, 25 de agosto de 2022

Núm. 162

No funcionamento ordinario desta Administración detectáronse outras actuacións administrativas que poden ser obxecto de automatización. En particular, é preciso automatizar as resolucións e notificacións de concesión de exencións no Imposto sobre vehículos de tracción mecánica para vehículos provistos de cartilla de inspección agrícola.

Por outro lado, resulta necesario modificar o establecido no Decreto de Alcaldía do 08.11.2021 no relativo ás resolucións de fraccionamentos e aprazamentos de débedas en período de pago voluntario, no senso de precisar que a actuación automatizada nesta materia se refire as resolucións de concesión de fraccionamentos e aprazamentos de débedas en período de pago voluntario, xa que nos supostos de denegación, requírense trámites adicionais que non permiten a súa automatización.

Así mesmo, observouse a necesidade de establecer o uso do selo electrónico de Secretaría nesas resolucións de concesión de fraccionamentos e aprazamentos de débedas en período de pago voluntario.

### **Fundamentos xurídicos**

A Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP) regula no seu artigo 40 os sistemas de identificación das Administracións Públicas, establecendo que poderán identificarse mediante o uso dun selo electrónico baseado nun certificado electrónico recoñecido ou cualificado que reúna os requisitos esixidos pola lexislación de sinatura electrónica. Estes certificados electrónicos incluírán o número de identificación fiscal e a denominación correspondente, así como, no seu caso, a identidade da persoa titular no caso dos selos electrónicos de órganos administrativos.

O artigo 41 da citada LRXSP define a actuación administrativa automatizada como calquera acto ou actuación realizada integramente a través de medios electrónicos por unha Administración Pública no marco dun procedemento administrativo e na que non interveña de forma directa un empregado público.

Pola súa parte, o artigo 42 da LRXSP establece que no exercicio da competencia na actuación administrativa automatizada, cada Administración Pública poderá determinar os supostos de utilización, como sistema de sinatura, do selo electrónico baseado en certificado electrónico recoñecido ou cualificado que reúna os requisitos esixidos pola lexislación de sinatura electrónica, así como do código seguro de verificación nos termos e condicións establecidos, permitíndose en todo caso a comprobación da integridade do documento mediante o acceso á sede electrónica correspondente.

O artigo 13 do Real Decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos (RAFME) recolle tamén que a tramitación electrónica dunha actuación administrativa poderá levarse a cabo, entre outras formas, de xeito automatizado de conformidade co previsto no artigo 41 da Lei 40/2015. Este artigo dispón que no ámbito estatal a determinación dunha actuación administrativa como automatizada autorizarase por resolución do titular do órgano administrativo competente por



Xoves, 25 de agosto de 2022

Núm. 162

razón da materia ou do órgano executivo competente do organismo ou entidade de dereito público, segundo corresponda, e publicárase na sede electrónica ou sede electrónica asociada. No eido das Entidades Locais, en caso de actuación administrativa automatizada estarase ao disposto na disposición adicional oitava do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional. De conformidade coa citada disposición adicional oitava, aos efectos do exercicio en soporte electrónico das funcións reservadas aos funcionarios regulados no presente real decreto, os postos a eles reservados terán a consideración de órganos. Así mesmo, no ámbito local, debe terse en conta a consideración de órganos que se establece na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, para os municipios de gran poboación así como no Regulamento orgánico do goberno e da administración do Concello de Pontevedra.

O artigo 19 do RAFME, regula a identificación mediante selo electrónico baseado en certificado electrónico cualificado que reúna os requisitos esixidos pola lexislación de sinatura electrónica e sinala que estes certificados electrónicos incluírán o número de identificación fiscal e a denominación correspondente, así como, no seu caso, a identidade da persoa titular no caso dos selos electrónicos de órganos administrativos.

No ámbito da Administración electrónica hai que engadir que o principio de interoperabilidade, como un dos principios que debe respectar o sector público nas súas actuacións e relacións electrónicas (artigo 2 RAFME), esixe que a remisión de expedientes a outras Administracións Públicas se realice de conformidade co Esquema Nacional de Interoperabilidade.

En consecuencia, sendo precisa a ampliación do uso dos Selos do Órgano de Tesouraría e Xestión Tributaria e de Secretaría deste concello, en uso da competencia atribuída polo artigo 124.4.ñ) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,

#### DECRETO:

*Primeiro.*- Declarar como actuación administrativa automatizada as resolucións e notificacións de concesión de exencións no Imposto sobre vehículos de tracción mecánica para vehículos provistos de cartilla de inspección agrícola.

*Segundo.*- Os órganos responsables en relación coa actuación administrativa automatizada sinalada no apartado primeiro serán:

a) O Órgano de Tesouraría e Xestión Tributaria, como órgano responsable na definición das especificacións destas actuacións administrativas automatizadas.

b) O Servizo de Informática como responsable na programación, mantemento, revisión e control de calidade e, no seu caso, auditoría do sistema de información e do seu código fonte.

c) O Órgano de Tesouraría e Xestión Tributaria, como órgano responsable a efectos da súa impugnación.



Xoves, 25 de agosto de 2022

Núm. 162

*Terceiro.-* Declarar como actuación administrativa automatizada a fe pública das resolucións de concesión de fraccionamentos e aprazamentos de débedas en período de pago voluntario e das resolucións de concesión de exencións no Imposto sobre vehículos de tracción mecánica para vehículos provistos de cartilla de inspección agrícola.

*Cuarto.-* Os órganos responsables en relación coa actuación administrativa automatizada sinalada no apartado terceiro serán:

a) A Secretaría de Administración Municipal, como órgano responsable na definición das especificacións destas actuacións administrativas automatizadas.

b) O Servizo de Informática como responsable na programación, mantemento, revisión e control de calidade e, no seu caso, auditoría do sistema de información e do seu código fonte.

c) A Secretaría de Administración Municipal, como órgano responsable a efectos da súa impugnación.

*Quinto.-* Modificar o Decreto de Alcaldía de data 08.11.2021 determinando que os selos electrónicos e os actos e procedementos suxeitos a actuación administrativa automatizada no Concello de Pontevedra son os relacionados no Anexo I do presente Decreto.

*Sétimo.-* O presente decreto publicarase na sede electrónica do Concello e no Boletín Oficial da Provincia.

Así o manda e firma a Alcaldía, en Pontevedra á data da sinatura, do que dá fe o Secretario da Administración municipal.

*ANEXO I.- Selos electrónicos e actos e procedementos suxeitos a actuación administrativa automatizada*

*Nome do Selo:* Selo Electrónico de Alcaldía.

*Órgano titular do Selo:* Alcaldía.

*NIF da Administración á que pertence o órgano titular do Selo:* P3603800H

*Características técnicas xerais:* Selo electrónico baseado en certificado electrónico emitido por Camefirma

*Validación do certificado:* A través da Plataforma VALIDE da Administración Xeral do Estado, accesible no enderezo electrónico <https://valide.redsara.es/valide/>.

*Utilización como sistema de firma electrónica para a identificación e autenticación nas actuacións administrativas automatizadas:*

1. Avisos xerados na aplicación de xestión de procedementos electrónicos.
2. Constancia das incidencias xurdidas no funcionamento da Sede Electrónica.
3. Exportación de expedientes ao Esquema Nacional de Interoperabilidade.



Xoves, 25 de agosto de 2022

Núm. 162

*Nome do Selo:* Selo Electrónico de Secretaría.

Órgano titular do Selo: Secretaría.

NIF da Administración á que pertence o órgano titular do Selo: P3603800H

Características técnicas xerais: Selo electrónico baseado en certificado electrónico emitido por Camefirma

Validación do certificado: A través da Plataforma VALIDE da Administración Xeral do Estado, accesible no enderezo electrónico <https://valide.redsara.es/valide/>.

Utilización como sistema de firma electrónica para a identificación e autenticación nas actuacións administrativas automatizadas:

1. Expedición do xustificante da documentación presentada no rexistro electrónico.
2. Constancia da imaxe da documentación presentada no rexistro presencial.
3. Publicación de anuncios no taboleiro de anuncios electrónico.
4. Índices dos libros de resolucións electrónicos.
5. Expedición electrónica de certificados de empadramento.

6. Fe pública das resolucións de concesión de fraccionamentos e aprazamentos de débedas en período de pago voluntario e das resolucións de concesión de exencións no Imposto sobre vehículos de tracción mecánica para vehículos provistos de cartilla de inspección agrícola.

*Nome do Selo:* Selo Electrónico do Órgano de Tesouraría e Xestión Tributaria.

Órgano titular do Selo: Órgano de Tesouraría e Xestión Tributaria.

NIF da Administración á que pertence o órgano titular do Selo: P3603800H

Características técnicas xerais: Selo electrónico baseado en certificado electrónico emitido por Camefirma.

Validación do certificado: A través da Plataforma VALIDE da Administración Xeral do Estado, accesible no enderezo electrónico <https://valide.redsara.es/valide/>.

Utilización como sistema de firma electrónica para a identificación e autenticación nas actuacións administrativas automatizadas:

1. Resolucións de concesión de fraccionamentos e aprazamentos de débedas en período de pago voluntario.
2. Resolucións de concesión de exencións no Imposto sobre vehículos de tracción mecánica para vehículos provistos de cartilla de inspección agrícola.



Xoves, 25 de agosto de 2022

Núm. 162

3. Notificacións automatizadas remitidas polo Órgano de Tesouraría e Xestión Tributaria e notificacións que se remiten dende a empresa que xestiona a recadación executiva.”

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos

En Pontevedra, na data que consta na sinatura electrónica

